



## **NORMATIVA REGULADORA DA DOCENCIA EN INGLÉS NAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 18/07/2024

A Universidade da Coruña (UDC) considera o ensino en inglés como unha parte fundamental da súa estratexia de internacionalización. Para o estudantado, o beneficio primordial e directo reside no fortalecemento das súas habilidades e competencias lingüísticas en inglés, a través da integración de contidos e linguaxe, esenciais para facilitar a súa mobilidade académica e profesional, e brindarlle a oportunidade de estudar e traballar en contornas internacionais e multiculturais.

O ensino en inglés aumenta o atractivo da oferta académica da UDC para potenciais estudantes internacionais, tanto aqueles que buscan obter unha titulación oficial como os/as estudantes de intercambio ou visitantes. Así mesmo, amplía as posibilidades de recibir profesorado internacional sen habilidades suficientes para impartir nas linguas oficiais, e incrementar así a proxección da Universidade. Por último, permite establecer programas de dobre titulación internacional e titulacións conxuntas de alcance internacional, e facilita a participación en alianzas de universidades.

O Plan estratéxico da UDC (2022-2026) establece como un dos seus obxectivos principais potenciar un ambiente universitario internacional con accións como a implantación de oferta estable de materias nos graos bilingües e o aumento do número de convenios de mobilidade, para o que é clave dispoñer dunha oferta plurilingüe ampla e diversa. A ampliación da oferta de programas plurilingües é tamén unha meta que se reflicte no Plan estratéxico de internacionalización das universidades españolas, aprobado polo Consello de Universidades en febreiro de 2015.

A implementación de programas plurilingües representa un avance significativo cara á internacionalización da UDC, que require a colaboración de toda a comunidade universitaria, en especial do profesorado con capacidade para impartir docencia en inglés, polo que a UDC se compromete a incentivar os esforzos realizados neste eido.

Para consolidar estas iniciativas e garantir a súa calidade e viabilidade, é preciso establecer normas xerais que definan o papel dos diferentes actores na implementación e o seguimento dos programas de docencia en inglés, así como a participación de docentes e estudantes nos ditos programas.



## **Artigo 1. Procedemento de implantación, aprobación e seguimento, modificación e extinción dos programas de docencia en inglés**

**1.1** A implantación de programas de docencia en inglés (DI) que se establezan nas diferentes titulacións da UDC será proposta e aprobada polo órgano do centro que teña atribuídas as competencias para decidir sobre as titulacións implicadas (xa sexa a Xunta de Facultade ou Escola ou, de ser caso, as comisións de coordinación do máster), tras ser autorizados e revisados pola vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización.

**1.2.** Os programas de docencia en inglés terán como obxectivo, en xeral, a implantación progresiva e vertical ao longo do plan de estudos, de titulacións bilingües de grao ou máster en que se imparta, polo menos, un 50 % dos créditos en inglés. Outros modelos, como a oferta de bloques de materias en inglés ou materias dispersas no plan de estudos (ambas con menos do 50 % de créditos en inglés), deberán xustificar debidamente as causas de optar polo dito modelo.

**1.3.** Os centros que elixan ofrecer un bloque de materias en inglés deberán garantir unha oferta mínima de 60 créditos anuais por titulación (ou titulacións relacionadas con que se poidan establecer recoñecementos). Estes créditos débense distribuír equitativamente en dous bloques do mesmo número de créditos por semestre para asegurar unha oferta adecuada para os/as estudantes internacionais entrantes. Os centros que non acaden este nivel de oferta poderanlle ofrecer a este alumnado docencia na modalidade *English Friendly*.

**1.4.** A opción de ofrecer materias en formato *English Friendly* implica que existe unha serie de materias dos plans de estudo da UDC que se imparten en castelán/galego, en que o profesorado adquire o compromiso de lle facilitar ao alumnado titorías, avaliacións, materiais docentes e bibliografía en inglés. Esta oferta está pensada para que se poida incorporar a ela o alumnado que non ten competencias suficientes en castelán/galego e pretende cursar en inglés, pero cuxo grupo de DI é demasiado pequeno en número de estudantes como para constituír grupo, segundo as normas aquí establecidas e no Plan Docente Anual (PDA). O programa *English Friendly* non afecta o número de grupos recollido no PDA, que se adecuarán ao establecido polas correspondentes normas da vicerreitoría de profesorado. O profesorado involucrado recibirá da vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización un certificado de impartir materias en formato *English Friendly*. A oferta de materias nesta modalidade permítelles a aqueles centros que non teñen graos bilingües ou a capacidade de ofrecer 60 créditos ECTS, potenciar a estratexia internacional das súas titulacións.



**1.5.** A implementación do programa bilingüe será progresiva, ano a ano, e comezará desde o primeiro curso da titulación, salvo que se negocie coa vicerreitoría con competencias a conveniencia dun enfoque de implementación diferente, que deberá estar suficientemente xustificado.

**1.6.** As materias incluídas na oferta en inglés deberán ser impartidas completamente neste idioma, tanto na docencia expositiva como na práctica. Así mesmo, a guía docente da materia e os materiais didácticos utilizados directamente tamén serán redactados en inglés. A avaliación realizarase en inglés. A guía docente será coordinada coa dos grupos en castelán/galego, pero o modo e as metodoloxías segundo as que se desenvolva a docencia de cada grupo quedará a criterio do docente, sempre no marco do establecido pola citada guía docente. Garantírase que as competencias, os contidos, os resultados de aprendizaxe, os procedementos de avaliación e as fontes de información sexan as mesmas entre os distintos grupos da materia. No caso das materias cuxa docencia estea adscrita funcionalmente a varias áreas de coñecemento, co fin de favorecer a implantación de programas bilingües, a DI poderá ser impartida por calquera das áreas previstas na adscrición funcional, independentemente de que exista coincidencia coa área ou áreas que impartan o grupo en castelán/galego.

**1.7.** Para garantir a súa viabilidade, o programa de DI aprobado no centro deberá especificar o seguinte:

- a) As materias que se impartirán en inglés en cada curso.
- b) O profesorado responsable de impartir estas materias, o cal se comprometerá co grupo DI e manterá o dereito para impartir esa docencia por tres cursos consecutivos.
- c) A estrutura dos grupos para esta docencia e a cronoloxía de implantación do programa para alcanzar o 50 % dos créditos da titulación en inglés.

**1.8.** Para garantir a viabilidade dos programas bilingües, recoméndase un número de 10 estudantes matriculados no grupo de inglés. Os/as estudantes teñen un prazo de 15 días desde o inicio do semestre para cambiar entre o grupo de inglés e o de castelán/galego. Se ao finalizar este período non se alcanza o número mínimo e o grupo non se forma, os/as estudantes internacionais, así como aqueles que opten por non cambiar ao grupo de castelán/galego, recibirán o ensino en modalidade *English Friendly* ou poderán cambiar a un grupo que non se imparta en inglés. Os centros informarán no primeiro mes de cada período académico de cada curso á vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización sobre a matrícula das materias implicadas na docencia en inglés.



**1.9.** Ademais da publicidade e promoción realizada pola vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización a través das súas canles de comunicación, o centro debe ofrecer información sobre a existencia do programa, a súa estrutura e como participar nel, tanto na súa páxina web como durante o proceso de matrícula, incluída a do alumnado de 1º por 1ª vez. A ferramenta que se use no proceso de matriculación, advertirá da existencia de grupos en inglés e da posibilidade de se matricular neles.

**1.10.** Correspóndelles ás comisións de titulación de grao ou máster no marco do Sistema de Garantía da Calidade da UDC, o seguimento do desenvolvemento destes programas de docencia en inglés e a elaboración de informes respecto diso. As ditas comisións poderanlle transmitir á vicerreitoría competente propostas de mellora ou de revisión cando se estime oportuno. O programa poderase extinguir por pedimento do centro ou por decisión do vicerreitoría competente, e serán criterios para iso un nivel continuado de matriculación baixa no programa ou un déficit de profesorado implicado nel. A extinción do itinerario será aprobada pola Xunta de Centro e informarase a vicerreitoría competente, con informe da Comisión Académica do centro, e asegurárase, en calquera caso, que os/as estudantes que comezasen este itinerario o poidan finalizar nos termos aprobados. As materias extinguidas poderanse matricular sen docencia durante dous cursos máis (catro convocatorias de exame).

**1.11.** O establecemento de grupos en inglés non supoñerá, en ningún caso, a contratación de novo persoal docente.

## **Artigo 2. Docentes que participen nos programas de docencia en inglés e *English Friendly***

**2.1.** Os/as docentes que participen deberán acreditar a súa capacidade para impartir docencia en inglés mediante algunha das seguintes opcións:

- a) Licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en Inglés.
- b) Certificación oficial dun nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE.
- c) Diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.
- d) Acreditar que impartiron docencia ou titorías en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de *visiting professor*, *teaching assistant* ou equivalente; e xustificar documentalmente a docencia impartida en inglés ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización, que someterá as ditas acreditacións ao criterio da Comisión de Internacionalización da UDC para a súa aprobación.
- e) Mediante a realización das actividades especialmente deseñadas para tal fin no programa EMI-UDC, segundo o establecido no artigo 5.3.



**2.2.** Os/as docentes que participen na modalidade de *English Friendly* deberán acreditar a súa capacidade para impartir docencia en inglés mediante algunha das seguintes opcións:

- a) Licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en Inglés.
- b) Mediante unha certificación oficial dun nivel B2 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE.
- c) Mediante un diploma que acredite un nivel de B2 completo do Centro de Linguas da UDC, especialmente na destreza oral.
- d) Acreditar que impartiron docencia ou titorías en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de *visiting professor*, *teaching assistant* ou equivalente; e xustificar documentalmente a docencia impartida ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización.
- e) Mediante a realización das actividades especialmente deseñadas para tal fin no programa EMI-UDC, segundo o establecido no artigo 5.3.

O profesorado dispoñerá dun prazo máximo de dous cursos académicos, que conta desde o inicio da súa participación nos programas de docencia en inglés ou *English Friendly*, para obter a acreditación mencionada nos apartados 2.1 e 2.2. De non a obter, abandonará o programa de DI.

Os certificados acreditativos de docencia en inglés e docencia *English Friendly* emitiranse cando o/a docente presente, ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización, a acreditación arriba mencionada e o certificado de Plan de Organización Docente (POD) que confirme impartir as materias na modalidade indicada. En casos excepcionais, poderanse considerar outras formas de acreditación distintas ás mencionadas nos apartados 2.1 e 2.2, sempre que o profesorado lle presente unha solicitude debidamente fundamentada á vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización.

**2.3.** Para os/as docentes que se integren no programa de DI, aplicaranse as seguintes reducións sobre as horas de dedicación á materia recollidas no POD (tomando como referencia as do grupo de castelán/galego):

- durante o primeiro curso académico de impartición dunha materia, unha redución dun 50 % de horas de dedicación
- o segundo curso académico consecutivo en DI da mesma materia, unha redución dun 35 % de horas de dedicación
- o terceiro curso académico consecutivo en DI da mesma materia, unha redución dun 15 % de horas sobre o encargo establecido para o/a docente.
- a partir do cuarto curso académico consecutivo de impartición dunha materia en DI, esta recibirá o tratamento establecido en POD para calquera materia das súas características no relativo a dedicación docente.



En todos os casos aplicarase un límite máximo de 30 horas anuais de redución no POD por docente, aplicado ao conxunto de todas as materias impartidas en DI. As reducións arriba mencionadas repartiranse entre as/os distintos docentes de cada materia, atendendo á parte proporcional da materia que imparta cada docente. Estas reducións non se lles aplicarán a aquelas materias cuxa docencia estea establecida só en inglés no plan de estudos. Ademais, co fin de dispoñer de datos completos sobre as materias impartidas en DI, estas reducións aplicaranse no POD no curso seguinte ao de impartición.

Todo o anterior aplicarase ás distintas modalidades de ensino da UDC e quedará suxeito ás necesidades da titulación e aos recursos docentes dispoñibles en cada momento para a impartición das materias. Con este fin, os departamentos deberanlle enviar á Vicerreitoría de Profesorado, con antelación suficiente ao comezo de cada período académico, a aprobación das direccións dos centros onde se imparte o ensino das solicitudes de redución, para que se autorice a xeración dos correspondentes grupos no PDA. A titorización de Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM) poderá ser realizada polo profesorado que participe no programa DEI e terá o mesmo impacto no POD do profesorado que a titorización en castelán/galego.

**2.4.** O profesorado que se integre no programa de *English Friendly* terá dereito a unha redución de 5 horas no POD para cada materia impartida nesta modalidade, cun límite máximo de 10 horas por curso académico.

**2.5.** O profesorado que participe no programa de DI ten a obrigaón e o dereito para continuar impartindo a mesma materia nese idioma durante tres anos consecutivos. No caso de abandonar o programa DI despois do terceiro ano, deberá esperar un ciclo de 3 anos para se unir de novo.

**2.6.** Para facilitar a súa formación continua en competencias lingüísticas e auxiliálo en tarefas metodolóxicas, o profesorado que participe nos programas de docencia en inglés e *English Friendly* poderá participar no plan de acompañamento á DI “EMI-UDC”, nas condicións que se expresan no artigo 5.2.

### **Artigo 3. Incorporación do estudiantado aos programas de docencia en inglés**

**3.1.** Nos programas de docencia en inglés poderanse inscribir estudantes regulares ou de intercambio. A matrícula poderá ocorrer en calquera momento do desenvolvemento do programa e quedará baixo a responsabilidade do/a estudante poder cumprir co número mínimo de créditos para obter o certificado de grao bilingüe en función do momento en que se matricule.

**3.2.** A forma de participación do estudiantado nos programas de docencia en inglés seralle comunicada á vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización ao comezo de cada cuadrimestre.



**3.3.** O estudiantado terá a oportunidade de redactar e defender os TFG e TFM en inglés, o que computará na porcentaxe de créditos necesarios para alcanzar o título bilingüe.

**3.4.** O alumnado que sexa admitido no grupo de inglés dispoñerá de quince días para realizar o cambio aos grupos de galego/español. Unha vez superado este prazo, excepcionalmente e en casos xustificados, o centro poderá conceder o cambio de grupo.

**3.5.** Así mesmo, entrarán na dita porcentaxe de créditos as materias cursadas en destino mediante un programa de mobilidade cuxa lingua de instrución acreditada sexa o inglés.

**3.6.** Todas as materias do plan de estudos que se cursaron en inglés reflectiránse no expediente académico do estudante e farase constar esta circunstancia nas certificacións académicas expedidas pola Universidade. Ademais, consignarase no suplemento europeo ao título (SET) a mención dos estudos superados en inglés.

#### **Artigo 4. Acreditación da competencia lingüística do estudiantado**

**4.1.** Acceso ao grupo DI en estudos de grao. O estudiantado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a) Que posúe unha certificación oficial mínima de nivel B1 (ou B2 no caso das titulacións que así o requiran) de inglés. Só se admitirán as certificacións oficiais recoñecidas pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior e os aceptados polas mesas lingüísticas da CRUE. Non se aceptarán informes de resultados de exame de nivel se o centro de acreditación emite certificación oficial. O Centro de Linguas publicará coa suficiente antelación as datas dos exames para certificacións oficiais a que se poderá presentar o estudiantado coa finalidade de acreditar o seu nivel de idioma.
- b) Que superou un curso equivalente a 4º da ESO ou superior en sistemas educativos de lingua inglesa.
- c) Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento a un curso de B1.2 ou superior do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

O alumnado deberase matricular no grao bilingüe desde o primeiro curso, durante o seu primeiro cuatrimestre. En situacións excepcionais en que un/ha alumno/a desexe cambiarse ao grao en inglés nun momento posterior durante os seus estudos, a comisión académica do título poderá considerar este cambio, coa condición de que se asegure que aínda é posible superar polo menos o 50 % das materias en inglés. Para aqueles títulos que así o requiran como condición de acceso, as persoas que desexen cursar os ditos programas deberán acreditar previamente á admisión o nivel que se estableza de dominio da lingua inglesa segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.



**4.2. Acceso ao grupo DI en estudos de máster.** O alumnado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a) Que cumpre algún dos requisitos do punto 1 deste artigo (a ou b).
- b) Que realizou unha estancia académica nun centro cuxa lingua vehicular é o inglés durante os seus estudos de grao ou de máster de, polo menos, un cuatrimestre, e que cursou en lingua inglesa polo menos 18 créditos correspondentes a materias impartidas en lingua inglesa.

Quedan eximidos de acreditar o idioma os graduados das titulacións en que o inglés sexa lingua de instrución de, cando menos, o 50 % das materias cursadas de acordo co artigo 1, apartado 2 deste regulamento. Así mesmo, queda eximido de acreditar este requisito o estudantado procedente dos graos de Estudos Ingleses, os de Tradución e Interpretación, Linguas Modernas e outros de similar condición impartidos en universidades españolas ou estranxeiras, en que se acredite documentalmente cursar o nivel B1 ou superior en lingua inglesa.

No caso de que o alumnado non poida acreditar ningunha das condicións previas, para acceder a DI en estudos de grao ou máster no momento da matrícula, dispoñerá de prazo ata o inicio do segundo cuatrimestre para conseguir a dita acreditación. O incumprimento deste requisito supoñerá que o/a alumno/a non poderá continuar no programa bilingüe excepto cunha prórroga concedida pola comisión académica do centro. Se esta prórroga non se concede, a/o estudante incorporárase nese mesmo curso ao programa non bilingüe, en que se xestionarán as materias de acordo coas seguintes regras:

1. Nas materias superadas no primeiro cuatrimestre manterase a cualificación e a condición de ser cursadas no programa bilingüe.
2. Nas materias non superadas no primeiro cuatrimestre, no marco do establecido no art. 1.6 desta normativa, a/o estudante poderase examinar da segunda oportunidade:
  - a) a través do programa bilingüe, que se fará constar, neste caso, no seu expediente
  - b) a través do grupo de castelán/galego, que se tratará polo procedemento habitual.
3. As materias do segundo cuatrimestre perderán a condición de materias do programa bilingüe nese mesmo curso académico, polo que se deberán cursar no programa non bilingüe.

Tras finalizar o curso académico en que a/o estudante foi excluída/o do programa bilingüe, as seguintes matrículas realizaranse a través do programa non bilingüe.

Para aqueles títulos que así o requiran como condición de acceso, as persoas que desexen cursar os ditos programas deberán acreditar previamente á admisión o nivel





que se estableza de dominio da lingua inglesa segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

### **Artigo 5. Plan de acompañamento á docencia en inglés “EMI-UDC”**

**5.1.** Baixo a coordinación da vicerreitoría con competencias en internacionalización, desenvolverase un Plan de acompañamento á docencia en inglés (EMI-UDC) para procurar a formación e mellora continuada das competencias e habilidades lingüísticas e metodolóxicas do profesorado que forma parte dos programas de docencia nesta lingua. Este programa será recomendado a todo o profesorado en DI, independentemente do seu nivel de certificación ou da súa experiencia docente.

**5.2.** Ao comezo do curso académico, facilitarase o programa de actividades formativas do EMI-UDC, en que poderá participar o profesorado que participe en DI, e nos que terá preferencia. Se houberse prazas vacantes, seranlles ofertadas ao resto do PDI.

**5.3.** O profesorado que non dispoña da acreditación lingüística referida no art. 2.1 deberá superar o EMI-UDC dentro dos 2 cursos académicos seguintes á súa incorporación a DI.

### **Artigo 6. Situacións excepcionais**

As situacións excepcionais que poidan xurdir no relativo á interpretación desta normativa serán resoltas pola persoa que detente a vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización, co asesoramento da Comisión competente en materia de Internacionalización en la UDC.

### **Artigo 7. Efectos**

Esta normativa terá efectos na docencia, no relativo ao EMI, e para o alumnado que comece os seus estudos na UDC a partir do curso 2024/25.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta normativa e, en concreto, a Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016, 23 de xullo de 2019, 28 de setembro de 2022 e 3 de novembro de 2022)

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.